A/A SERVIZO DO LITORAL DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
(código de identificación A12X03222)

ASUNTO:

ALEGACIÓNS Á CENTRAL HIDROELÉCTRICA REVERSIBLE DE AUGA MARIÑA EN FONTE DAS MAÑAS NO CONCELLO DE OIA (CONC-PO-2026-010). Alegacións ao Proxecto Básico e á solicitude de outorgamento de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a execución do proxecto.

Dona/Don _____ con DNI/NIE número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia_____, teléfono_____.

EXPÓN:

Á vista do anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) N.º 131 do 15/07/2026: *Acordo do 6 de xullo de 2026, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a execución do proxecto de central hidroeléctrica reversible de auga mariña, en Fonte das Mañas, no concello de Oia (Pontevedra)*.

1. **A central hidroeléctrica reversible (CHR) de auga mariña Fonte das Mañas proxéctase na zona de implantación do Parque Eólico Merendón cuxas afeccións paisaxísticas motivaron a súa inviabilidade ambiental.**

   O P.E. Merendón obtivo unha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) desfavorable debido ás afeccións paisaxísticas determinadas polo organismo competente en materia de paisaxe Instituto de Estudos do Territorio – (IET). O IET resalta os valores naturais, culturais e panorámicos das serras que se estenden dende o Val do Miño ata a desembocadura do mesmo en dirección norte-sur. Neste sentido, os impactos dun proxecto como o da central hidroeléctrica con instalacións de grandes dimensións (escollera, tendido eléctrico, balsa) e localizacións chave (litoral e cumio da serra) supoñen tamén fortes impactos paisaxísticos para unha zona de gran calidade visual.

2. **A implantación da CHR Fonte das Mañas poderá afectar ás zonas húmidas situadas no Monte de Valga e á biodiversidade asociada.**

   Os movementos de terras necesarios para a execución da balsa sitúanse a escasos 112 m da zona húmida máis próxima, incluída na cartografía oficial da Xunta de Galicia (Inventario de Zonas Húmidas de Galicia publicado no 2023 e actualizado no 2024). As voaduras, tránsito de maquinaria, apertura de viarias, rozas e demais labores degradarán as condicións ecolóxicas dunha área con alto valor ecolóxico debido á presenza de humidais. Ademais, estamos nunha zona próxima a turbeiras altas (hábitat de interese comunitario prioritario) cuxa peculiaridade e sensibilidade aos impactos ambientais son moito maiores.

   Tamén se incrementa o risco de colisión da avifauna debido á implantación da liña eléctrica de alta tensión que actúa como efecto barreira, nunha zona proclive á presenza de aves debido á existencia de hábitats húmidos.

3. **A implantación do proxecto suporá a xeración de deberes e restricións aos comuneiros de Oia e Loureza.**

   As instalacións da CHR Fonte das Mañas sitúanse sobre os montes veciñais das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Oia e Loureza. A súa implantación repercutirá negativamente sobre os aproveitamentos dos mesmos, xerando novos deberes e restricións aos comuneiros.

   A CMVMC de Oia verase afectada pola subestación, a tubería de carga e o tramo 1 soterrado da LAT. A CMVMC de Loureza verase afectada pola tubería de carga, a balsa, o tramo 1 soterrado da LAT, o tramo 2 en aéreo da LAT (tendido eléctrico dende o apoio 1 ao 15, e os 14 apoios iniciais), así como o tramo 3 da LAT (ampliación da LAT existente cun segundo circuíto do tendido eléctrico).

4. **As infraestruturas do proxecto causarán afeccións paisaxísticas tanto directas como indirectas sobre a Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) Chan da Valga.**

   A propia promotora recoñece unha afección visual elevada sobre practicamente toda a AEIP Chan da Valga, así como sobre os itinerarios, rutas e sendeiros que discorren por ela, debido principalmente á presenza da balsa. A dimensión da balsa, os movementos de terras e a modificación da topografía suporán unha transformación permanente da paisaxe.

   O proxecto xerará unha afección paisaxística relevante tanto pola súa elevada visibilidade como pola alteración física do territorio.

5. **A execución e o funcionamento da CHR Fonte das Mañas reducirán drasticamente a calidade paisaxística propia dunha zona costeira rochosa así como dos afloramentos graníticos presentes no cumio da serra.**

   A execución do proxecto de Fonte das Mañas eliminará os afloramentos rochosos do litoral costeiro e tamén da zona de implantación da tubaxe e da balsa. Esta transformación entra en conflito cos obxectivos das Directrices da Paisaxe de Galicia, que recoñecen os afloramentos rochosos como elementos de valor paisaxístico e establecen criterios orientados á súa conservación.

   As voaduras e os movementos de terra suporán a perda irreversible destes elementos xeomorfolóxicos e unha alteración significativa da textura, da morfoloxía e do carácter natural da paisaxe.

6. **A execución das obras (2 anos) e a implantación do proxecto provocarán molestias aos garranos reducirán tamén a súa área de campeo.**

   Os garranos ou cabalos salvaxes presentes na Serra da Groba e na restante área do Val Miñor e Baixo Miño teñen un papel ecolóxico fundamental. Controlan a vexetación diminuíndo o risco de incendio e contribúen á biodiversidade da contorna. Ademais, forman parte do patrimonio inmaterial de gran tradición e unha fonte de turismo tanto nos eventos asociados (Rapa das Bestas) como nas rutas de sendeirismo.

   A execución das obras e a ocupación do territorio no monte onde residen os garranos xeraranlles molestias, alterando o seu comportamento e modificando as súas dinámicas de movemento.

7. **A implantación da CHR Fonte das Mañas provocará unha afección paisaxística elevada sobre un dos miradoiros de Oia e sobre os itinerarios de sendeirismo da súa contorna: Camiño de Santiago (Camiño Portugués da Costa), Senda dos Faros, Camiño do Litoral.**

   A aproximadamente 175 m ao noroeste da balsa superior, existe un punto elevado e aberto, frecuentado por visitantes e sendeiristas, desde o que se obtén unha ampla panorámica sobre a Serra da Groba e o litoral de Oia. A súa proximidade á balsa fará que a infraestrutura do proxecto resulte moi perceptible desde este emprazamento. Ademais, desde este punto tamén existe visibilidade cara á zona prevista para a escollera asociada á toma de auga de mar, polo que a afección visual non se limitará á balsa superior, senón que abarcará outros elementos do proxecto. Considérase que o proxecto xerará unha afección paisaxística elevada sobre este miradoiro e sobre os percorridos de sendeirismo próximos.

   O Camiño de Santiago Portugués pola Costa, que comparte o seu trazado co Camiño do Litoral e a Senda dos Faros, discorre a escasos 27 m da subestación, a 60 m da caverna central, así como a 110 m da escollera, ademais de ser atravesado pola tubería de carga. Esta proximidade xerará afección paisaxística tanto durante a fase de obras (2 anos) como de forma permanente durante a explotación do aproveitamento hidroeléctrico.

   A calidade paisaxística e as vistas sobre o litoral forman parte esencial da experiencia e do valor cultural e recreativo destes itinerarios.

8. **A implantación e funcionamento da CHR Fonte das Mañas poderán provocar afeccións sobre os organismos e comunidades mariñas presentes na contorna da obra da escollera e da toma e restitución da auga para a xeración de enerxía.**

   O propio proxecto recoñece posibles efectos sobre a fauna mariña e as comunidades bentónicas durante as obras, así como a succión de alevíns e fitoplancto durante o funcionamento. Tendo en conta os elevados caudais de bombeo previstos e que a reixa da toma presenta unha separación de 50 mm, non pode descartarse o arrastre de organismos de pequeno tamaño, ovos ou larvas cara ao circuíto hidráulico. Así mesmo, a implantación da obra de toma e da escollera suporá unha transformación directa do fondo mariño e das comunidades asociadas. En consecuencia, a ausencia dunha afección significativa sobre cetáceos ou outras especies situadas na cima da cadea trófica non permite descartar unha incidencia sobre o conxunto do ecosistema mariño.

9. **As obras de execución do proxecto, como as voaduras, poderán causar afeccións sobre as augas subterráneas e mananciais.**

   O noiro da balsa sitúase dentro da zona de policía do Regueiro das Barreiriñas e nas proximidades do nacemento do río do Val da Aguieira/Agüieira, nun ámbito no que calquera modificación das condicións de drenaxe superficial ou subterránea pode ter repercusións sobre a dinámica hídrica local.

   A execución tanto da balsa como da tubaxe requirirá o emprego de voaduras e importantes escavacións en rocha, actuacións que poden alterar as características estruturais do macizo rochoso e a súa permeabilidade. Esta posible alteración podería traducirse en variacións do nivel freático, do caudal de mananciais e captacións de abastecemento humano (entre elas destaca unha captación localizada a 100 m da balsa denominada Fonte da Pedra), así como das achegas que alimentan os cursos de auga próximos. Estes impactos tamén terían graves implicacións negativas nas zonas húmidas do Monte da Valga.

10. **Na Comarca do Baixo Miño estanse a tramitar tres proxectos de centrais hidroeléctricas reversibles (CHR) de auga mariña semellantes e interdependentes entre si. Trátase de Fonte das Mañas, Portocelo e Punta Centinela.**

    As centrais hidroeléctricas reversibles (CHR) de auga mariña de Fonte das Mañas (proxectada no termo municipal de Oia), Portocelo (O Rosal) e Punta Centinela (Oia) están proxectadas na comarca do Baixo Miño, promovidas polo o mesmo grupo empresarial. Estanse a tramitar de xeito independente tanto as súas concesións por ocupación de dominio público marítimo-terrestre, como as súas autorizacións administrativas e procedementos de avaliación de impacto ambiental. Porén, as tres CHR comparten infraestruturas comúns: subestacións e liña eléctrica de alta tensión de evacuación.

    No caso da avaliación ambiental, ao tratarse de tres expedientes diferentes avaliaranse de xeito separado sen ter en conta o conxunto global de afeccións. Derivando nunha información pública fragmentada de cara á cidadanía e as administracións públicas. Ademais, para cada un dos proxectos formularase unha DIA (Declaración de Impacto Ambiental) podendo obter resultados diferentes (favorable ou desfavorable), o que repercutirá no outorgamento da Autorización Administrativa de cada unha das centrais.

    As CHR Fonte das Mañas e Portocelo sitúanse a menos de 1 km, comparten infraestruturas de evacuación e xeran unha potencia total superior a 50 MW en conxunto, polo que deberían tramitarse pola Administración Xeral do Estado e non a través da administración autonómica.

11. **A futura implantación de tres CHR de auga mariña na comarca do Baixo Miño xerará afeccións sinérxicas no patrimonio natural, na paisaxe, nas molestias á poboación, etc.**

    Segundo as promotoras dos proxectos, prevese unha duración de 2 anos para a execución das obras de cada unha das centrais. As voaduras, movementos de terra, tránsito de vehículos pesados e demais labores necesarias producirán molestias aos residentes e visitantes, así como á fauna (mariña e terrestre) e demais biodiversidade. Sobre todo, debido á proximidade das CHR de Fonte das Mañas e Portocelo.

    Do mesmo xeito, o funcionamento das 3 centrais e as súas liñas eléctricas aéreas de evacuación xerará afeccións sinérxicas sobre a calidade da paisaxe litoral e das serras montañosas, así como sobre espazos relevantes (AEIP Serra da Groba, AEIP Chan da Valga, AEIP Muiños do Folón e do Picón, entre outras). Elevaríase o risco de colisión e electrocución das aves nas liñas eléctricas de alta tensión proxectadas; así como xeraríanse impactos no medio mariño en menos de 12 km de liña de costa.

12. **A documentación presentada pola promotora (Proxecto Básico) presenta deficiencias.**

    Non se achega planimetría do alzado nin descrición das dimensións en altura da subestación. A planimetría do trazado do tramo 2 da LAT proxectada difire dos mapas que acompañan o texto da Memoria, polo que existen incoherencias entre a información facilitada.

En virtude de todo o exposto, SOLICITA:

A NON construción das instalacións do proxecto CENTRAL HIDROELÉCTRICA REVERSIBLE DE AUGA MARIÑA EN FONTE DAS MAÑAS NO CONCELLO DE OIA (CONC-PO-2026-010) con base no rexeitamento da solicitude de outorgamento de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a execución do proxecto.

En _____, a _____ de _____ de 2026.

Asdo.: _____